

ITALO SVEVO

**A historia do bondadoso vello
e da fermosa moza**

Traducido por Isabel Soto



Hugin e Munin

A aventura deste bondadoso vello contou cun preludio que tivo lugar sen que el apenas se apercibise. Durante un breve lecer no traballo, accedeu a recibir no seu despacho unha muller de avanzada idade que quería presentarlle e falarlle das boas calidades dunha moza, a súa propia filla. Conseguiran chegar até el en virtude dunha carta de presentación dun amigo seu. O vello, abstraído nas súas angueiras, non as deu quitado de todo da mente durante a entrevista e observaba atordado a carta, esforzándose en comprender o que dicía co fin de se liberar canto antes daquel compromiso.

A anciá falaba os sete falares e non calaba a boca, pero el só retivo algúns anacos de toda aquela lería: seica a moza era rexa, intelixente e sabía ler e escribir, aínda que mellor ler que escribir. Nun momento dado, escoitou unha frase que o sorprendeu polo que tiña de estraña:

—A miña filla está disposta a aceptar calquera emprego a xornada completa coa condición de que lle quede libre o tempo necesario para o seu baño diario.

Ao cabo, a vella pronunciou as palabras que precipitaron a escena cara a unha rápida conclusión:

—Disque na empresa de tranvías agora collen mulleres para os postos de condutora e vendedora de billetes.

Daquela o vello, sen titubear nin un instante, redactou á súa vez unha carta de recomendación dirixida á Xerencia da Sociedade de Tranvías e despediu as dúas mulleres. Non ben ficou só cos seus asuntos, volveu interrompelos un bocado para matinar: «Pregúntome por que esa vella insistiría en facerme saber que a filla se lava decotío», e abaneou a cabeza sorrindo, con aires de superioridade. Isto demostra que os vellos son máis vellos cando teñen moitas cousas que facer.

Un tranvía transitaba veloz polo longo bulevar de Sant'Andrea. A condutora, unha fermosa rapariga de vinte anos, mantiña fitos os seus ollos acastañados na ancha, poeirenta e solleira vía, e compraciábase en guiar o convoi a tal velocidade que as rodas rinchaban nos cambios de agullas e o vehículo, ateigado de xente, cambaleaba. O bulevar estaba deserto. Emporiso, a mociña conducía premendo decontino co pé nervioso a panca que accionaba a campaiña de alarma. Non o facía por prudencia, senón porque era tan infantil que lograba converter o traballo nun xogo, e apraciálle correr daquel xeito e armar rebumbio con aquel condenado trebello. A todos os pícaros lles gusta berrar cando corren.

Ía vestida cuns ciringallos de moitas cores e, a causa da súa gran beleza, parecía levar un disfrace. Unha encoirada casaca vermella deixaba ver o seu pescozo, poderoso en comparanza cunha faciana un pouco chuchada, amais do espazo que se estendía dende o ombreiro até o delicado peito. A saia escocesa azul quedáballe demasiado curta, talvez porque naquel terceiro ano de

